UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Teaching Guide | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Identifying Data | | | | 2017/18 |
| Subject (*) | Research and Evaluation of Quality in Education Programmes | | Code | 652G01010 |
| Study programme | Grao en Educación Infantil | | | |
| Descriptors | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits |
| Graduate | 2nd four-month period | First | Obligatoria | 6 |
| Language | SpanishGalician | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | |
| Prerequisites | | | | |
| Department | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinador | Espiñeira Bellon, Eva Maria | E-mail | eva.espineira@udc.es | |
| Lecturers | Espiñeira Bellon, Eva Maria<br>Muñoz Cantero, Jesus Miguel | E-mail | eva.espineira@udc.es<br>jesus.miguel.munoz@udc.es | |
| Web | www.educacion.udc.es/index.php?pagina=asignatura&codigo=652G01010&grupo=B | | | |
| General description | A investigación e a avaliación en Educación empeza a orientarse cara un coñecemento máis amplo sobre o descubrimento das posibilidade dos procesos de ensino e aprendizaxe para os/as investigadores/as, convertíndose nunha ferramenta para a formación permanente e autónoma dos/das docentes. Convertindo, desta maneira, aos/ás docentes en axentes investigadores e avaliadores.<br><br>O propósito formativo básico desta materia céntrase nun coñecemento do ámbito da investigación e avaliación educativa desde tres vertentes; teórica, metodolóxica e instrumental.<br><br>A proposta que se plantexa neste programa vai dirixida a que o alumnado teña unha panorámica xeral destes campos disciplinares, así como a que se vaian exercitando en prácticas específicas de investigación e avaliación, que supoñen un control da calidade dos procesos e dos produtos que conducirán a mellorar a calidade do ensino. Estas prácticas concrétanse ou precísanse no marco deste programa e se desenvolverán de forma paralela aos contidos teóricos.<br><br>Precísase, polo tanto, un/unha mestre/a investigador/a cuxo papel sexa fundamentalmente crítico e reflexivo, que centre a súa actividade cara un coñecemento directo do contexto onde actúa para dirixilo cara a consecución dun cambio. | | | |

| Study programme competences | |
|---|---|
| Code | Study programme competences |
| A23 | Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil. |
| A24 | Dominar as técnicas de observación e rexistro. |
| A25 | Abordar análises de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais. |
| A26 | Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións. |
| A29 | Valorar a importancia do traballo en equipo. |
| A30 | Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais. |
| B2 | Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa. |
| B10 | Capacidade de análise e síntese. |
| B11 | Capacidade de busca e manexo de información. |
| B12 | Capacidade de organización e planificación. |
| B13 | Capacidade para actuar de maneira sustentable na defensa do medio ambiente. |
| B16 | Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

| | |
|---|---|
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Learning outcomes | | | |
|---|---|---|---|
| Learning outcomes | Study programme competences | | |
| Ao términar con éxito esta materia, o alumnado será capaz de:<br>- Extraer a información relevante de artigos científicos mediante o emprego do método científico e do proceso de investigación. | A29 | B5<br>B11<br>B12 | C1<br>C8 |
| - Explicar os conceptos e modelos de excelencia aplicables á calidade educativa. | A29 | B5<br>B10<br>B11<br>B13<br>B16 | C1 |
| - Poñer en práctica os elementos esenciais dun proxecto educativo de centro incluíndo os decretos e ordes que o regulen, así como información científica relevante co seu exercicio profesional. | A29<br>A30 | B5<br>B10<br>B11<br>B12 | C1 |
| - Demostrar o manexo de instrumentos de recollida de información pertinentes para avaliar a satisfacción cun proxecto educativo de centro. | A23<br>A24<br>A25<br>A29<br>A30 | B5<br>B11<br>B12<br>B13 | C1 |
| - Deseñar unha proposta de mellora na que se inclúa o proceso de planificación, execución e avaliación desta por cada debilidade atopada nun proxecto educativo de centro. | A26<br>A29<br>A30 | B2<br>B5<br>B12<br>B13 | C1<br>C6 |

| Contents | |
|---|---|
| Topic | Sub-topic |
| 1.- A calidade nos centros educativos. | 1.1. Historia da calidade.<br>1.2. A calidade na Educación Infantil. |
| 2.- Investigación e avaliación da calidade dos proxectos educativos. | 2.1. Investigación.<br>2.2. Avaliación.<br>2.3. Calidade. |
| 3.- Modelos de avaliación da calidade de proxectos educativos. | 3.1. Modelos de calidade.<br>3.2. Modelos de avaliación de proxectos educativos. |
| 4.- Técnicas e instrumentos para a recollida de información da avaliación de proxectos educativos. | 4.1. Tipoloxías de avaliación.<br>4.2. Criterios, ámbitos e indicadores.<br>4.3. Instrumentos de recollida de información. |

| Planning | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Methodologies / tests | Competencies | Ordinary class hours | Student?s personal work hours | Total hours |
| Guest lecture / keynote speech | A23 A30 C6 C8 | 17 | 42 | 59 |
| Case study | A24 A25 A26 A29 A30 B2 B5 B10 B11 B12 B13 C1 C6 | 17 | 23 | 40 |
| Events academic / information | B16 C6 C8 | 6 | 0 | 6 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Mixed objective/subjective test | A24 A25 A26 A30 B2 C1 | 2 | 24 | 26 |
| Personalized attention | | 19 | 0 | 19 |
| **(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.** | | | | |

| **Methodologies** | |
|---|---|
| **Methodologies** | **Description** |
| Guest lecture / keynote speech | Algúns contidos do programa precisan unha exposición maxistral por parte do profesorado para centrar o proceso de ensino-aprendizaxe.<br><br>Por iso, as clases expositivas, céntranse na exposición oral dos ditos contidos, complementada co emprego de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. |
| Case study | As clases expositivas combinaranse con clases interactivas guiadas polo profesorado e no que o alumnado cobra un papel importante.<br><br>Nas clases interactivas, empregaranse metodoloxías onde o suxeito se enfrente ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumnado situarase ante un problema concreto (práctica), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Events academic / information | Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.<br><br>Os contidos desenvolvidos nestas charlas, conferencias,.... formarán parte da proba mixta. |
| Mixed objective/subjective test | A exame final fixada pola Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba mixta. Esta proba, integrará preguntas tipo de probas de ensaio (abertas e de desenvolvemento) e preguntas tipo de probas obxectivas, que poderán combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |

| **Personalized attention** | |
|---|---|
| **Methodologies** | **Description** |

| | |
|---|---|
| Case study<br>Guest lecture / keynote speech | O profesorado realizará un seguimento do traballo que vaia realizando o alumnado asistente a través das prácticas que vaia realizando.<br><br>É importante que o alumnado realice as súas prácticas desde o primeiro día e acuda ás titorías de maneira asidua co fin de resolver as dúbidas que estime oportunas.<br><br>As titorías desenvolveranse, polo tanto, na aula, durante as clases e no despacho do profesorado, da seguinte forma:<br><br>* No caso de indicacións xerais a todo o grupo (realizaranse nas clases expositivas).<br><br>* A grupos de traballo pequeno (realizaranse nas clases interactivas -prácticas- ou no despacho).<br><br>* Individuais (realizaranse no despacho e versarán sobre o progreso do alumnado). |

| Assessment | | | |
|---|---|---|---|
| **Methodologies** | **Competencies** | **Description** | **Qualification** |
| Case study | A24 A25 A26 A29 A30 B2 B5 B10 B11 B12 B13 C1 C6 | A metodoloxía de estudo de casos porase en práctica nas clases interactivas. Para a realización do estudo de casos é preciso formar pequenos grupos de traballo e débese ter en conta o seguinte:<br><br>- Formaranse grupos pequenos (non máis de 4 persoas).<br><br>- Cada grupo elixirá unha persona coordinadora, encargada de presentar e defender as ideas do seu grupo de traballo, no caso en que se lle solicite, que será rotativa en cada práctica.<br><br>- Estos grupos formaranse o primeiro día de clase polo profesorado.<br><br>O profesorado realizará un seguimento das prácticas que se vaian elaborando por cada grupo. Non é necesario entregar as prácticas realizadas senón que o profesorado irá realizando o seguimento partindo do que se expoña na aula.<br><br>O profesorado indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo co fin de que na proba mixta da materia o alumnado sepa realizar as prácticas sen problema. Son, por tanto, materia de exame. | 30 |
| Guest lecture / keynote speech | A23 A30 C6 C8 | Asistencia e participación en clases, seminarios e titorías. | 10 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Mixed objective/subjective test | A24 A25 A26 A30 B2 C1 | A exame final fixada pola Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba mixta na que entrará toda a materia (clases expositivas + clases interactivas).<br><br>O sistema de corrección da dita proba será o seguinte:<br><br>- Para preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta.<br><br>- Para preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: acertos - erros/nº alternativas - 1. | 60 |

| Assessment comments |
|---|

ALUMNADO ASISTENTE: As condicións da avaliación sinaladas, fíxanse para o alumnado asistente a clase.
- Considerarase alumnado asistente a aquel que presente, como máximo un 20% de faltas de asistencia durante o curso; por iso, o profesorado poderá solicitarlle ao alumnado que asine unha folla tanto á entrada como á saída.
- Ata un 20% das clases poderán desenvolverse mediante charlas, conferencias, asistencia a seminarios que non teñen por que coincidir co horario habitual das clases, pero que será necesaria a asistencia para alumnado considerado como presencial. En todo caso, o contido das charlas formará parte da proba de avaliación para ambas modalidades de asistencia.
- O alumnado poderá xustificar as súas faltas de asistencia.
ALUMNADO NON ASISTENTE: O alumnado que non forme parte de ningún grupo, non realice as prácticas correspondentes (estudo de casos) ou non asista regularmente ás clases, considerase alumnado non asistente.
- O alumnado non asistente terá que presentar as prácticas desenvolvidas durante o cuadrimestre que serán valoradas co 10% da cualificación final da materia. Cada unha das prácticas deberá constar de:
* Instrucións da práctica.
* Desenvolvemento da práctica.
* Reflexión persoal sobre as metodoloxías docentes empregadas na realización da práctica. (O profesorado publicará en moodle unha listaxe das principais metodoloxías docentes que se poden empregar así como a explicación de cada unha delas): cáles empreguei e por qué.
* Reflexión persoal sobre os contidos desenvolvidos: qué aprendín mediante a realización desta práctica, qué sei facer agora,...* Reflexión persoal sobre as competencias adquiridas coa realización da práctica con respecto ás indicadas na Guía Docente (da materia): cáles adquirín, cáles non e por qué.* Valoración persoal con respecto á práctica profesional: aplicacións prácticas dos contidos da práctica desenvolvida ao mundo da educación infantil, qué aprendín con esta práctica para o meu futuro profesional,...* Apreciacións persoais sobre as titorías realizadas: en concreto (indicar se se acudiu a algunha titoría, momento e lugar da dita titoría para o desenvolvemento de cada práctica, desenvolvemento do proceso de titoría e decisións persoais tomadas con respecto á orientación facilitada por parte do profesorado) e en xeral (adecuación do horario de titorías, trato recibido, valoración xeral).
* Valoración da temporalización do desenvolvemento da práctica.* Outros aspectos: materiais elaborados a maiores polo alumnado co fin de completar os contidos, referencias bibliográficas ou webs consultadas,...Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no útilizar plásticos, elixir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.
- O prazo máximo de entrega será a semana seguinte de finalizar as clases. - A puntuación deste traballo é de 1 punto pero é necesario acadar a mitade da puntuación (é dicir, 0.5 puntos) para poder aprobar a materia.
NOTA: A UDC regula a matrícula de estudantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación, o informe ao profesorado e concerten a maneira na que se desenvolverá o proceso de ensino-aprendizaxe.

## Sources of information

| | |
|---|---|
| Basic | - Bernardo Carrasco, J. e Calderero Hernández, J.F. (2000). Aprendo a investigar en educación. Madrid: Rialp<br>- Castillo Arredondo,S. y Cabrerizo Diago, J. (2011). Evaluación de la intervención socioeducativa : Agentes, ámbitos y proyectos. Madrid: Pearson Educación<br>- Corbetta, P. (2007 (2010 reimp).). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill<br>- Cubo Delgado,S., Martín Marín, B.e Ramos Sánchez, J.L. (2011). Métodos de investigación y análisis de datos en ciencias sociales y de la salud. Madrid: Pirámide<br>- Fernández-Ballesteros, R. (2006). Evaluación psicológica : conceptos, métodos y estudio de casos. Madrid: Pirámide<br>- Gil Pascual, J.A. (2010). Bases metodológicas de la investigación educativa : (análisis de datos). Madrid: UNED<br>- Martínez Mediano, C. (2007). Evaluación de programas educativos : investigación evaluativa, modelos de evaluación de programas.. Madrid: UNED<br>- Mateo, J. e Martínez, F. (2008). Medición y evaluación educativa. Madrid: La Muralla<br>- McMillan, J.H. e Schumacher, S. (2005 (2011 reimp.)). Investigación educativa una introducción conceptual. Madridd: Pearson Educación<br>- Pérez Juste, R. (2006). Evaluación de programas educativos. Madrid: La Muralla<br>- Rubio,M.J. y Varas, J. (2004). El Análisis de la realidad en la intervención social : métodos y técnicas de investigación. Madrid: CCS<br>- Ruíz Olabuénaga, J.I. (2003). Técnicas de triangulación y control de calidad en la investigación educativa. Bilbao: Fundación Horreum<br><br /> |
| Complementary | - Buendía Eisman,L., González González, D. y Pozo Llorente, T. (2004). Temas fundamentales en la investigación educativa. Madrid: La Muralla<br>- Fondevila Gascón, J. F. (2013). El trabajo de fin de grado en Ciencias Sociales y Jurídicas : guía metodológica. Madrid : Ediciones Internacionales Universitarias<br>- García Sanz, M.P. e Martínez Clares, P.ords.) (2012). Guía práctica para la realización de trabajos fin de grado y trabajos fin de máster. Madrid: Universidad de Murcia |

| Recommendations |
|---|
| Subjects that it is recommended to have taken before |
| |
| Subjects that are recommended to be taken simultaneously |
| |
| Subjects that continue the syllabus |
| |
| Other comments |
| |

**(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.**